

# ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

21 de xullo de 2020

Sendo ás 9:35 horas, en segunda convocatoria, e na Aula Virtual "Salón de graos" da Facultade, da comezo a reunión.

Asisten:

Torres Pérez Francisco José, Decano da Facultade  
Ibáñez Paz Regina, Vicedecana de calidade  
Noriega Rodríguez Lidia, Coordinadora do Grao en Dereito  
Martínez Yáñez Nora, Coordinadora do Máster en Xestión e Dirección Laboral  
Arias Martínez María Antonia, Coordinadora do Máster da Avogacía  
García Freiría Mónica, Alumnado de terceiro ciclo  
Ferreira Pardiñas Rafael Alejandro, Alumnado de 1º e 2º ciclo  
Plaga Karolina Laurencia, Alumnado de 1º e 2º ciclo

Disculpan a súa asistencia:

Fernández Docampo María Belén, Coordinadora do Grao en RRL  
Pillado González María Esther, PDI

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de 29 de maio de 2020.  
Enviada como documentación adxunta á convocatoria, coñécese e apróbbase por asentemento.
2. Informes do Sr. Decano.  
O Decano informa da convocatoria da reunión conxunta anual de titulación Vigo-Ourense, á que asistirá tamén a Vicedecana de Calidade, o 24 de xullo. O seu obxectivo é o de facilitar as posibles modificacións que se precisen nas guías docentes como modificacións menores do título. As posibles melloras ou propostas que resulten da reunión conxunta engadiranse como Anexo ao IRPD aprobado polo Centro.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2020-2021.  
Comunícase que a ampliación de prazo dende o Rectorado foi proposta con posterioridade á petición das guías por parte do Decanato a través das coordinadoras de titulación. Tras algún retraso sin importancia, todas as guías foron presentadas e todas elas inclúen as modificacións precisas ante o COVID19.  
Apróbense as guías por asentemento.

4. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2020-2021.  
Apróbanse por asentemento
5. Aprobación, se procede, das guías docentes do dobre Grao Dereito-ADE para o curso académico 2020-2021.  
Apróbanse por asentemento.
6. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en situación de desprotección e conflito social para o curso académico 2020-2021.  
Infórmase da solicitude de docencia presencial polas tardes para a impartición do título.  
Apróbanse as guías por asentemento.
7. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Xestión e Dirección Laboral para o curso académico 2020-2021.  
Infórmase da solicitude de docencia presencial en horario de tarde para a impartición do título.  
Apróbanse as guías por asentemento.
8. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Avogacía (campus de Vigo) para o curso académico 2020-2021.  
Apróbanse as guías por asentemento.
9. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster en Avogacía (campus de Pontevedra) para o curso académico 2020-2021.  
Non hai problema para a impartición do título en modalidade presencial. Se impartirá na sede do Colexio de Avogados de Pontevedra, no primeiro cuatrimestre; e na Facultade de Ciencias Sociais, no segundo.  
Apróbanse as guías por asentemento.
10. Aprobación, se procede, do informe de resposta ás alegacións da área de Calidade á Memoria inicial do Máster en Dereito de Empresa.  
O informe supón o paso final para tramitar a recuperación do Máster, que reanudaría a súa impartición para o curso 21/22. Infórmase que no día de hoxe remata o prazo para presentar a documentación.  
Apróbase por asentemento.
11. Aprobación, se procede, da Memoria definitiva do Máster en Dereito de Empresa.  
Constitúe o último documento a presentar. Apróbase por asentemento.

12. Aprobación, se procede, da modificación na guía de Dereito Administrativo I.

María Antonia Arias Martínez informa da natureza do cambio, que consiste nunha modificación da ficha para establecer intervalos en lugar de valores fixos nas porcentaxes de avaliación, co fin de dotar de maior flexibilidade á mesma.

Apróbase por asentemento.

13. Rolda aberta de intervencións.

Karolina Laurerncja Plaga solicita que sexa levada á Xunta de Facultade a necesidade de establecer prazos para á entrega de notas de avaliación continua e as instrucións para realizar as probas. O decano indica que poderían levar este asunto como prego á Xunta para que se estime a actualización do Regulamento de Estudantes.

Non existindo máis asuntos a tratar, levántase a sesión ás 10:10 horas.

En Vigo, a 21 de xullo de 2020.

Regina Ibáñez Paz



The image shows a handwritten signature in blue ink, which appears to be 'Regina Ibáñez Paz'. To the right of the signature is a circular official stamp. The stamp contains the text 'UNIVERSIDADE DE VIGO' at the top and 'FACULTADE DE CIENCIAS JURÍDICAS E DO TRABAHO' at the bottom. In the center of the stamp is a stylized logo featuring a scale of justice and a caduceus-like symbol.